

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN ASpace CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, PLANIFICACIÓN DE APOIOS E CURATELA DIRIXIDO A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E PATOLOXÍAS ASOCIADAS, E AS SÚAS FAMILIAS NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación ASpace Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase Fundación ASpace Coruña dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade no financiamento do proxecto de información e asesoramento, planificación de apoios e curatela para persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas e ás súas familias que a Fundación ASpace Coruña desenvolverá no exercicio 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación ASpace Coruña é unha entidade de iniciativa social, que a través deste proxecto:

- Asume a protección e curatela das persoas con parálise cerebral asignadas polos órganos xudiciais.
- Favorece a integración familiar das persoas apoiadas.
- Informa e asesorar ás persoas con discapacidade, as súas familias e ós profesionais sobre as medidas xudiciais de apoio, o exercicio da curatela e outras figuras de protección; e a toma de decisións de cara o futuro.



- Informa ao órgano xudicial competente da existencia daqueles casos de desprotección dos que se teña coñecemento.
- Promove a sensibilización social para fomentar que as persoas con discapacidade poidan exercer os seus dereitos e obrigas dentro dun marco de respecto e normalidade.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, en tanto que se trata de persoas con discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

